

ANUNCIO**ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 10/10/2024****APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO EXCURSIÓNS TERCEIRA IDADE****CURSO 2024/25****Artigo 1. Obxecto.**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás excursións da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

<u>Excursións ordinarias</u> : as realizadas de outubro de 2024 a xuño de 2025; dun día de duración (Ex. Termas, visitas a lugares de interese de Galicia e Norte de Portugal...)

<u>Excursións extraordinarias</u> : as excursións puntuais de varios días de duración realizadas de outubro de 2024 a xuño de 2025, que polas súas características precisan dunha definición específica do seu programa e prezo.
--

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

As actividades están dirixidas ás persoas empadroadas no Concello de Vedra e cumbran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Excursións ordinarias de outubro 2024 a xuño 2025	30,00 €/excursión
Excursións extraordinarias de outubro 2024 a setembro 2025	Será o proposto polo servizo correspondente atendendo ao programa da excursión

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na tempada de excursións 2024/2025. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

- Excursións ordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizarase nos 10 días do mes seguinte ao que tiveron lugar as excursións.
- Excursións extraordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizarase nos 10 días seguintes a realización das excursións.



Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as excursións.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

(Documento asinado dixitalmente)